

## O PESO DA CULPA.

O teatro da sala era habitado polas sombras que vertía sobre ela o devalo do día. Naquel interludio da luz á escuridade permanecía ergueito igual ca unha estaca silente que buscaba evitar a delación da súa presenza

Sentíase débil, vulnerable, coma alguén que acababa de perder un tesouro moi prezado. Dalgún xeito, no seu interior desexaba que aquela traxedia xamais tivese acontecido. Pasmaba na contemplación da súa vítima desde a distancia, alí tirada, experimentando o temor a que descubrisen o seu crime, sobre todo a *mamá*, que andaba por fóra da casa, pechando a sobeira onde se gardaban as pitas, e que axiña viría por cabo del.

O temor mesturouse coa présa. Con pueril torpeza, foise aproximando ata os restos criminosos que tecían unha alfombra de indicios acusatorios no piso do cuarto. A modo encolleu o corpo, anicándose, ao tempo que estiraba o brazo dereito para apañar do chan os tres anacos nos que fracturara un pequeno soporte de porcelana que servira para termar dunha ilustración, algo descolorida, na que alguén representara a escena dun matrimonio, en actitude sorrinte, o día da súa voda. Preso dese receo, tomou coa ansia trémula dos dedos os cachos da vítima e o debuxo coa representación matrimonial e, repetindo a mesma lentitude para desprezar o seu corpo ata conseguir erguerse, arrastrou os seus pés octoxenarios, para bulir coas probas do seu delito a agochalas con cautelosa malicia non fondo do caldeiro do lixo.

O feitizo malévol do alzhéimer impedíralle recoñecerse naquela imaxe xa sepultada baixo residuos domésticos.

A noite medraba polas costelas da casa.